



| Guía Docente          |  |                    |                      |          |
|-----------------------|--|--------------------|----------------------|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                      | 2020/21  |
| Asignatura (*)        | Inglés de Negocios   | Código             | 710G03028            |          |
| Titulación            | Grao en Xestión Industrial da Moda   |                    |                      |          |
| Descritores           |  |                    |                      |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                 | Créditos |
| Grao                  | 2º cuadrimestre  | Terceiro           | Obrigatoria          | 6        |
| Idioma                | Inglés   |                    |                      |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                      |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |                      |          |
| Departamento          |  |                    |                      |          |
| Coordinación          | Puente Castelo, Luís Miguel  | Correo electrónico | luis.pcastelo@udc.es |          |
| Profesorado           | Murias Román, Ruth   | Correo electrónico | ruth.murias@udc.es   |          |
|                       | Puente Castelo, Luís Miguel  |                    | luis.pcastelo@udc.es |          |
| Web                   | <a href="http://humanidades.udc.es/estudos/gim/gim-informaci%C3%B3n">humanidades.udc.es/estudos/gim/gim-informaci%C3%B3n</a> |                    |                      |          |
| Descrición xeral      | Introdución ao inglés con fins profesionais, con especial atención ao ámbito da moda.  |                    |                      |          |



|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <b>Plan de continxencia</b> | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Mantéñense todas as metodoloxías docentes, trasladándose a entornos de aprendizaxe online, a excepción da proba práctica.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>A proba práctica desaparece, sendo substituída no seu peso na avaliación polos estudos de casos e o traballo tutelado.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Atención continuada a través de e-mail e Moodle.</p> <p>Empregarase Teams para a impartición das sesións de aulas síncronas, no horario establecido no calendario da titulación, así como para as titorías individualizadas co alumnado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>As porcentaxes concretas dos diferentes tipos de avaliación dependerán do momento no que fose necesario activar este plan de continxencia.</p> <p>En todo caso, conservaranse aquelas actividades de avaliación xa efectuadas, así coma o 10% de observación sistemática.</p> <p>O peso das actividades de avaliación que non se puidesen realizar, e, nomeadamente, da proba práctica, sumaranse en primeiro lugar ao traballo tutelado, até un máximo dun 40%, e posteriormente aos estudos de casos.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Nun escenario de activación do Plan de Continxencia, para a obtención da calificación de Non Presentado, o estudantado deberá non ter presentado o traballo tutelado "Project".</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios.</p> |
|-----------------------------|--|

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A3                                  | Desenvolver destrezas para as relacións interpersoais e a interacción con axentes do contorno e interno (clientes, provedores, medios, colaboradores...).   |
| A12                                 | Ter os coñecementos básicos de inglés necesarios para as relacións internacionais de negocio (acreditando nivel mínimo B1).   |
| B1                                  | Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e se adoita atopar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |



|    |   |
|----|---|
| B2 | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| B3 | Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.                               |
| B4 | Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.   |
| B5 | Que o estudantado desenvolviera aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.  |
| B6 | Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativa en contornos interdisciplinares.   |
| B8 | Capacidade de planificación, organización e xestión de recursos e operacións.   |
| B9 | Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións.   |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.   |

| Resultados da aprendizaxe  |                                     |  |    |
|--|-------------------------------------|--|----|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |  |    |
| Coñecer vocabulario específico das áreas de interese profesional da titulación.  | A12                                 | B1<br>B2<br>B4<br>B5                         | C2 |
| Coñecer e dominar o uso de estruturas gramaticais específicas, acordes ao nivel de coñecemento da lingua adquirido, especialmente aquelas particularmente relevantes para o exercicio profesional da titulación.   | A12                                 | B1<br>B5                                     | C2 |
| Ser quen de interpretar textos orais ou escritos en inglés, sobre temáticas relacionadas coa súa actividade profesional, identificando tanto as ideas principais e a liña de argumentación como información específica relevante.  | A12                                 | B1<br>B3<br>B5<br>B9                         | C2 |
| Ser capaz de comunicarse, tanto de forma oral coma escrita, de maneira efectiva en entornos comerciais   | A3<br>A12                           | B2<br>B4                                     | C2 |
| Tomar parte activa en debates desenvolvidos en situacións profesionais, explicando e defendendo o seu punto de vista usando una linguaxe apropiada   | A3<br>A12                           | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B9             | C2 |
| Ser quen de preparar de forma escrita e expoñer de forma oral un traballo en grupo en lingua inglesa, sobre un tema relacionado coa súa titulación, organizando o traballo de forma axeitada, e utilizando recursos bibliográficos, bases de datos ou ferramentas TIC relacionadas coa súa titulación. | A3<br>A12                           | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B8<br>B9 | C2 |

| Contidos                            |   |
|-------------------------------------|---|
| Temas                               | Subtemas  |
| 1. A aparencia, o vestido e a moda. | A descrición oral e escrita<br>Vocabulario avanzado do mundo da moda<br>Os adxectivos, a súa orde, e a súa posición |



|  |  |
|--|--|
| 2. A carreira, a carreira profesional e os recursos humanos. | <p>2.1 - A búsqueda de traballo</p> <p>A formación<br/>O CV e a cover letter<br/>As habilidades<br/>Modalidade epistémica</p> <p>2.2 - A entrevista de traballo</p> <p>As entrevistas<br/>As expectativas, a probabilidade e o futuro<br/>Modalidade deóntica e expresión de tempo futuro.</p> |
| 3. Colegas e clientes: O mundo do traballo                   | <p>As relacións laborais<br/>As presentacións en público<br/>Os niveis de formalidade e a cortesía<br/>Os rexistros e a súa expresión</p>  |
| 4. Negocios, diñeiro e comercio                              | <p>Comprar e vender<br/>Descrición e venta dunha idea ou produto<br/>A linguaxe persuasiva<br/>As condicionais</p>   |
| 5. Política e economía                                       | <p>A política económica<br/>As regulacións e os seus efectos<br/>Dar a opinión<br/>Dar e seguir instrucións<br/>Os hedges</p>  |
| 6. Os medios de comunicación                                 | <p>As entrevistas<br/>As preguntas e as respostas</p>  |

| Planificación          |                                   |   |                         |              |
|------------------------|-----------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados         | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral       | A12 B1 B5 C2                      | 20                                      | 0                       | 20           |
| Seminario              | A12 B1 B2 B3 B4 B5 C2             | 16                                      | 24                      | 40           |
| Obradoiro              | A12 B1 B2 B3 B4 B5 C2             | 8                                       | 12                      | 20           |
| Presentación oral      | A12 A3 B1 B2 B4 B5 C2             | 5                                       | 0                       | 5            |
| Discusión dirixida     | A3 A12 B1 B2 B4 B5 B9 C2          | 5                                       | 0                       | 5            |
| Estudo de casos        | A3 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2 | 4                                       | 16                      | 20           |
| Proba práctica         | A12 B1 B3 B4 C2                   | 2                                       | 0                       | 2            |
| Traballos tutelados    | A12 A3 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2 | 3                                       | 27                      | 30           |
| Atención personalizada |                                   | 8                                       | 0                       | 8            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías |
|--------------|
|--------------|



| Metodoloxías        | Descrición  |
|---------------------|---|
| Sesión maxistral    | Durante as sesións maxistras presentaranse diferentes aspectos da lingua inglesa, tales como o vocabulario específico de interese para o exercicio profesional da titulación ou certas estruturas gramaticais.                    |
| Seminario           | Os seminarios centraranse na práctica da interpretación e a produción de textos ESCRITOS en lingua inglesa, vencellados aos ámbitos de interese da titulación. (READING E WRITING)  |
| Obradoiro           | Os obradoiros porán o foco na práctica da interpretación e a produción de textos ORAIS en lingua inglesa, vencellados aos ámbitos de interese da titulación. (LISTENING E SPEAKING)   |
| Presentación oral   | O estudiantado recibirá formación específica na preparación dunha presentación oral breve.  |
| Discusión dirixida  | Realizaranse unha serie de debates sobre aspectos de interese para o exercicio profesional da titulación, cos que o estudiantado poderá seguir a desenvolver aspectos específicos da súa capacidade de comunicación e persuasión. |
| Estudo de casos     | O estudiantado realizará unha serie de pequenos traballos, como resumos, reflexións, ou comparacións, baseados en bibliografía específica sobre aspectos relacionados coas áreas de interese da titulación.                       |
| Proba práctica      | O estudiantado realizará unha proba práctica final para avaliar os contidos da materia impartida nos seminarios e obradoiros.   |
| Traballos tutelados | Realizarase un PROJECT en grupos, que será presentado de forma escrita e defendido de forma oral ante a clase.  |

### Atención personalizada

| Metodoloxías        | Descrición   |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Realizaranse unha serie de titorías persoais co estudiantado para comprobar tanto o seguemento xeral do curso, como, especificamente, o do traballo tutelado/Project final.<br><br>Todo o estudiantado recibirá unha atención personalizada. O estudiantado con necesidades educativas especiais será tamén asesorado pola Unidade de Atención á Diversidade da UdC. |

### Avaliación

| Metodoloxías        | Competencias / Resultados         | Descrición   | Cualificación |
|---------------------|-----------------------------------|--|---------------|
| Proba práctica      | A12 B1 B3 B4 C2                   | PROBA FINAL de Reading, Writing e Listening  | 15            |
| Seminario           | A12 B1 B2 B3 B4 B5 C2             | Exercicios de Reading e Writing realizados na aula   | 10            |
| Obradoiro           | A12 B1 B2 B3 B4 B5 C2             | Exercicios de Listening e Speaking realizados na aula  | 10            |
| Traballos tutelados | A12 A3 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2 | Project final en grupo   | 30            |
| Sesión maxistral    | A12 B1 B5 C2                      | Os contidos e materia tratada durante as sesións maxistras será avaliada de forma transversal no resto de metodoloxías, e de forma directa mediante a OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA do estudiantado. | 10            |
| Estudo de casos     | A3 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2 | Serie de pequenos traballos individuais, como resumos, reflexións, ou comparacións, baseados en bibliografía específica.   | 20            |
| Presentación oral   | A12 A3 B1 B2 B4 B5 C2             | Breve presentación oral sobre un aspecto específico.   | 5             |

### Observacións avaliación



En xeral, valorarase a corrección no uso da lingua inglesa en todas as actividades de avaliación e non unicamente nas destinadas especificamente a este cometido.

Será necesario superar o 4 en cada un dos apartados para dar por superada a materia.

A PROBA FINAL terá lugar na data de exame marcada polos organismos responsables da titulación. Serán anunciadas con anticipación suficiente tanto as datas de realización en clase da presentación oral e da defensa do Project como as datas límite de entrega dos estudos de caso. Os exercicios de reading, writing, listening e speaking realizados na clase non serán recuperables.

**CALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO:** Para a obtención da calificación de Non Presentado, o estudantado deberá non ter acudido á proba final NIN TAMPOUCO presentado o PROJECT.

**OPORTUNIDADE DE XULLO:** O estudantado suspenso só terá que recuperar aquelas probas que suspendese. Determinaranse novas datas para a entrega de traballos. O peso das probas finais de WRITING, READING, SPEAKING e LISTENING poderá subir ao total da cualificación para poder recuperar os exercicios realizados na aula.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

- Alcaraz Varó, Enrique (1999). Diccionario de términos económicos, financieros y comerciales. Barcelona: Ariel
  - Mackenzie, Ian (2002). English for business studies a course for business studies and economics students. Cambridge : Cambridge University Press
  - McCarthy, Michael & Felicity O'Dell (1994). English vocabulary in use upper-intermediate & advanced. Cambridge : Cambridge University Press
  - Prodromou, Luke (2001). Grammar and vocabulary for first certificate. Harlow : Longman
  - Spratt, Mary & Bob Obee (2002). First certificate direct student's book . Cambridge : Cambridge University Press
- Os recursos presentados serán empregados ocasionalmente na aula e, en xeral, poden ser de interese para a mellora xeral do nivel de competencia na lingua por parte do estudantado.

#### Bibliografía complementaria

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

#### Materias que continúan o temario

### Observacións

Posto que se solicita un nivel B1 do MCER para as linguas para o acceso ao grao, espérase do estudantado ter ese nivel como paso previo a cursar a materia, independentemente da existencia de materiais de apoio para o estudantado con maiores dificultades.&nbsp;

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías